

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FUNDACIÓN INSTITUTO CAMERAL PARA A CREACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA EMPRESA (FUNDACIÓN INCYDE), PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE EMPRESAS E AUTOEMPREGO.

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Reis Leis Rodríguez, coma concelleira delegada da Área de Promoción económica, en virtude das competencias delegadas pola Xunta de Goberno Local de 28 de febreiro de 2013,

Doutra, D. Jesús Asorey Carril quen actúa en nome e representación da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela (en diante Cámara de Comercio de Santiago), co CIF Q-1573004G, e co enderezo en San Pedro de Mezonzo, 44 baixo, 15702 Santiago de Compostela, cargo para o que se nomeou en sesión do Pleno celebrado o 17 de Xuño de 2010 dacordo co Artigo 7 apartado 1 c), polo cal ostenta a representación da Cámara, a presidencia de todos os seus órganos colexiados e é responsable da execución dos seus acordos.

E doutra, D. Javier Collado Cortés, quen actúa no nome e representación e coma Director Xeral da Fundación Instituto Cameral para a Creación e Desenvolvemento da Empresa (en diante Fundación INCYDE), co CIF G-82639352, e con enderezo na rúa Ribera do Loira nº 12, 28042 de Madrid, cargo para o que foi nomeado polo Patronato da Fundación na reunión do 19 de decembro de 2012. A Fundación constitueuse mediante escritura pública núm. 798, outorgada o 23 de marzo de 2000, ante a notaria de Madrid, Dna. María del Rosario Algora Wesolowski.

EXPOÑEN

Que na actualidade, os pequenos empresarios forman a estrutura troncal e vertebradora do noso tecido empresarial, polo que é obriga prestarlles unha enorme atención a este sector, facilitando ó máximo o seu desenvolvemento a través do fomento da súa capacitación e a súa competitividade

Que a Fundación INCYDE, creada polas Cámaras de Comercio é unha Fundación cuxo obxectivo é o de fomentar a iniciativa empresarial, apoiando as

vocacións empresariais, e axudando na formación de empresas e consolidación das xa existentes. Que entre os seus obxectivos figura o apoio, orientación e formación a emprendedores que queiran crear a súa propia empresa e/ou potenciar a rendibilidade desta, e, mesmo avaliar outras alternativas de expansión dos seus proxectos empresariais, así coma aos empresarios de PEME, que, ante os novos retos empresariais, queiran adquirir unha formación que lles permita desenvolver o plan de negocio da súa propia empresa.

Que a Cámara de Comercio de Santiago é unha Corporación de Dereito Público, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, destacándose, entre algunhas das súas funcións de carácter público administrativo, a representación, promoción e defensa dos intereses xerais do comercio, a industria e os servizos, a asistencia e prestación de servizos ás empresas, así como a de difundir e impartir formación non regulada referente á empresa.

Que o Concello de Santiago de Compostela ten coma un dos seus obxectivos, o fomento do emprego e a promoción económica a través da realización de diferentes accións encamiñadas á formación e desenvolvemento laboral, o fomento do espírito de emprendemento e o apoio ás novas iniciativas empresariais, accións vinculadas ao desenvolvemento sostible do municipio.

Que a Fundación INCYDE e a Cámara de Comercio de Santiago dispoñen de metodoloxía, equipo técnico e materiais necesarios para desenvolver Programas Formativos no campo do autoemprego, que poidan dar resposta ás inquietudes e iniciativas obxecto do presente Convenio de Colaboración.

Que a Fundación INCYDE, por Decisión da Comisión Europea, ten aprobado un Programa Operativo de “Adaptabilidade e Emprego”, a desenvolver entre os anos 2007 a 2013, do Fondo Social Europeo, para a realización de programas de formación e asesoramento de persoas que queiran crear a súa propia empresa ou consolidar e desenvolver a que xa posúan.

Que a Fundación INCYDE e a Cámara de Comercio de Santiago, complementarán a formación recibida por todos os alumnos dos seus Programas, coa prestación continua de servizos de valor engadido que permitan, ademais da creación e/ou consolidación da empresa, a súa futura expansión a través de actuacións tales coma: pertencencia á rede de servizos presenciais da Fundación; acceso aos sistemas de seguemento, e tutorización posterior ao curso; a asistencia a Congresos que organice a Fundación co obxectivo de crear novas vías de negocio, aumentar a súa carteira de clientes, e fortalecer e expandir as relacións comerciais das PYMES e emprendedores; a asistencia a foros, mesas

redondas, grupos de traballo e talleres, de temáticas que incentiven a innovación, o fortalecemento e a internacionalización das empresas e os emprendedores; así coma a adaptación, modernización e evolución das PYMES por medio do acceso á innovación empresarial e a aplicación das novas tecnoloxías.

Que todas as partes intervintes, desexan promover unha serie de accións que incidan directamente no fomento e apoio das iniciativas empresariais, así coma na actividade competitiva do tecido empresarial.

Consecuentemente co exposto, acórdase subscribir o presente Convenio de colaboración que se rexirá polas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente Convenio é establecer unha colaboración das partes asinantes para favorecer a creación e o mantemento de empresas e a mellora da xestión empresarial a través da formación e o asesoramento, desenvolver iniciativas dirixidas ao autoemprego e a creación de empresas, así como descubrir e fomentar iniciativas empresariais que permitan mellorar e completar o tecido empresarial máis acorde coas novas estruturas tecnolóxicas e organizativas, poñendo en marcha as actuacións previstas para iso nas cláusulas seguintes.

SEGUNDA.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

O ámbito de aplicación do presente Convenio será o municipio de Santiago de Compostela.

TERCEIRA.- ÁMBITO TEMPORAL

Este Convenio terá un período de vixencia ata o 31 de decembro de 2013.

O Convenio poderá resolverse por calqueira das partes, por causas xustificadas e especificamente por incumprimento das respectivas obrigas, o remate do prazo establecido, a falta de habilitación orzamentaria, etc., coa obriga, a tal efecto de comunicación escrita entre as partes, cunha antelación mínima de tres meses, salvo acordo de resolución inmediata das partes.

Por desexo expreso e por causa debidamente xustificada poderá ser obxecto de modificación, aprobado por acordo do órgano competente de ambas institucións.

CUARTA.- ACCIÓN A DESENVOLVER

A acción a desenvolver, obxecto deste Convenio, ten coma obxectivo materializar unha política de apoio aos emprendedores que desexen facer un proxecto viable de creación de empresa, así coma aos empresarios/as que queiran consolidar o seu negocio, mellorar a rendibilidade da súa empresa e avaliar outras alternativas de expansión. Para iso, a Cámara de Comercio e a Fundación INCYDE, farán un programa de formación dirixido á creación e consolidación de empresas e o autoemprego. É vontade do Concello de Santiago de Compostela apoiar esta iniciativa por coincidir cos obxectivos da acción propia do departamento de promoción económica, comercio e emprego. Este Programa de formación está cofinanciado polo Fondo Social Europeo, a través do Programa Operativo de “Adaptabilidade e Emprego” que a Fundación INCYDE ten aprobado por decisión da Comisión Europea co nº 2007ES05UPO001.

QUINTA.- OBXECTIVOS DOS PROGRAMAS.

Este programa de formación a desenvolver pretende proporcionar unha visión global das distintas áreas funcionais da empresa para poder determinar oportunidades de mercado e desenvolver un Plan de Empresa ou un Plan de Mellora, proxectos que se poidan utilizar polo/a promotor/a, non só coma guía de referencia para a posta en marcha e/ou consolidación do seu negocio, senon que sirvan, ademais, coma medio de argumentación da súa viabilidade ante entidades públicas e financeiras.

SEXTA.- MATERIAS E METODOLOXÍA DOS PROGRAMAS DE FORMACIÓN.

As materias que se imparten dentro do programa pretenden proporcionar unha visión global das distintas áreas funcionais da empresa, para poder determinar oportunidades de mercado, a través do coñecemento das ferramentas de xestión.

No terreo práctico, perséguese o desenvolvemento dos proxectos de empresas, presentados polos participantes e a definición dos problemas da súa posta en marcha.

Os contidos didácticos das áreas funcionais da empresa e os proxectos prácticos estarán orientados a sectores con potencial no entorno no que vaian a desenvolverse.

O curso conxuga a impartición de coñecementos sobre o mundo da empresa e o emprego de sistemas de ensino de carácter práctico: discusión de proxectos, xogos de empresas, métodos do caso, etc. A unión de ambos sistemas e a análise e discusión durante o curso dos respectivos proxectos de empresa, facilitarán a formación interdisciplinar dos participantes nos ámbitos próximos á xestión das PYMES, destacando a intervención dun Consultor-Director de cada Programa, así coma a realización no seu caso dun Plan estratéxico, cando se trate de empresarios cun negocio en marcha.

Xúntase co presente Convenio a memoria explicativa do programa obxecto do mesmo, que inclúe tamén o coste e a proposta de cofinanciación.

SÉPTIMA.- COLABORACIÓN E APORTACIÓNS DAS PARTES ASINANTES.

O programa impartirase pola Fundación INCYDE de conformidade co orzamento adxunto. Ás datas de realización fixaranse previamente, de común acordo, co Concello.

O Concello de Santiago de Compostela colaborará na financiación das actividades feitas pola Fundación INCYDE, de conformidade co orzamento adxunto, cun importe máximo de 9.000 €, con cargo á partida 110 43100 48901 “Comercio. Outras transferencias”, e previa xustificación da realización da integridade do gasto reflectido no citado orzamento adxunto.

A Fundación INCYDE aportará 36.000,00 € (trinta e seis mil euros) para a anualidade 2013, con cargo ás aportacións do Fondo Social Europeo derivados do Programa Operativo “Adaptabilidade e Emprego” que a Fundación INCYDE ten aprobado por decisión da Comisión Europea co nº 2007ES05UPO001.

En canto á forma de abono, unha vez asinado o Convenio, o Concello de Santiago de Compostela aboará, en concepto de anticipo, o 50% do total comprometido por convenio. O importe restante aboarase ao remate do programa de formación que se desenvolva ao amparo do presente convenio. O segundo pago aboarase trala presentación da correspondente xustificación pola Fundación INCYDE, de conformidade co establecido na Cláusula Oitava deste Convenio.

O abono farase mediante ingreso na conta da entidade beneficiaria na documentación aportada.

A Fundación obrigarase a xustificar a realización da actividade a través da presentación das correspondentes facturas axustadas aos requisitos legalmente establecidos.

A Cámara de Comercio asumirá as funcións de difusión, organización e coordinación do curso e porase a disposición da Fundación INCYDE as súas instalacións para a impartición das actividades formativas presenciais.

OITAVA. – XUSTIFICACIÓN DE ACTIVIDADES.

Ao remate da actividade obxecto deste convenio, as Institucións intervintes farán unha recapitulación final, e será preceptiva a xustificación das accións docentes por parte da Fundación INCYDE.

Concluída la actividade, a Fundación INCYDE xustificará ante o Concello de Santiago de Compostela o destino dado aos fondos recibidos, mediante:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións establecidas no convenio, con indicación das actividades feitas e dos resultados obtidos.
2. Unha memoria económica xustificativa do coste das actividades feitas, subscrita polo Director Xeral da Fundación, que conterá:
 1. Unha relación das actividades feitas e financiadas coa subvención, así coma o seu coste, desglosándose mediante facturas, ou outros documentos contables de valor probatorio de cada un dos gastos incurridos, en orixinais ou fotocopias compulsadas, e no caso de ser fotocopias, indicar o lugar onde se encontren os orixinais.
 2. Para os gastos directos feitos por provedores, expresarase o número de factura, a data e o acredor co seu NIF/CIF, e xuntarase copia compulsada das facturas e dos xustificantes de pago.
 3. Para os gastos de persoal asignado á xestión e coordinación local do programa, expresarase o número de horas adicadas, e o coste por hora. Xuntarase fotocopia compulsada das nóminas, dos seguros sociais e dos xustificantes de pagamento.

4. Para os costes indirectos, xuntarase certificación a tanto alzado que suporá un 20% dos costes directos imputados a cada programa, previo estudio económico ao respecto conforme á Orde TIN/2965/2008 de 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o periodo de programación 2007-2013 en canto a o seu artigo 6.1.b).
3. Declaración responsable de que o importe da aportación, ailladamente ou en concurrencia con subvencións ou axudas de outras administracións, non supera o coste total da actividade.
4. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
5. Certificado acreditativo do órgano competente sobre aplicación da subvención concedida, á finalidade para a que foi outorgada.

O prazo máximo para a presentación da documentación xustificativa, será de tres meses, contado a partir do remate do programa obxecto do presente convenio, e, en calquera caso, antes do 31 de decembro de 2013.

NOVENA. – VIXENCIA.

O presente Convenio ten vixencia ata o 31 de decembro de 2013.

O Convenio poderase resolver por calquera das partes, con causas xustificadas, especificamente o incumprimento das respectivas obrigas, o remate do prazo establecido, a falta de habilitación orzamentaria, etc...., coa obriga a tal efecto da comunicación escrita entre as partes, cunha antelación mínima de tres meses, salvo acordo de resolución inmediata das partes.

DÉCIMA.- DIFUSIÓN E DIPLOMAS DOS PROGRAMAS DE FORMACIÓN.

Na difusión de todos os cursos que se poñan en marcha coma consecuencia do desenvolvemento dos programas obxecto do presente Convenio, figurará de forma expresa o logotipo das Institucións asinantes, así coma o logotipo do Fondo Social Europeo, se recibira subvención do mesmo. Asimesmo, en todos os documentos que sustenten as accións formativas nomearase a participación das Entidades asinantes e, no seu caso, do FSE. A Cámara e/ou a Fundación INCYDE outorgarán o

correspondente diploma aos participantes que asistiran e rematado o curso, e demostrado os seus coñecementos mediante as oportunas probas de avaliación.

UNDÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Constitúese unha Comisión paritaria de seguimento do convenio que será composta polos seguintes membros:

- O Alcalde do Concello de Santiago de Compostela, ou persoa na que delegue.
- O Presidente da Cámara de Santiago de Compostela, ou persoa na que delegue.
- O Director Xeral da Fundación INCYDE ou persoa na que delegue.

Poderanse incorporar, ademáis, dúas persoas designadas por cada unha das institucións asinantes do convenio.

As atribucións da Comisión serán as seguintes:

- 1.- Aprobación dos criterios de selección dos participantes axustados aos sinalados polo Fondo Social Europeo.
- 2.- Solventar as dúbidas que se plantexen en aplicación do cumprimento do Convenio.
- 3.- Aprobación a data definitiva do programa a executar
- 4.- Seguimento e avaliación das actuacións programadas.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS:

Na execución do presente Convenio respetarase a normativa vixente en materia de protección de datos. En especial, cumpriranse as obrigas da Lei 15/1999, Orgánica de Protección de datos de carácter persoal, relativas ao consentemento para o tratamento e a cesión dos citados datos ás partes implicadas.

DÉCIMO TERCEIRA.- NORMATIVA REGULADORA.

O presente convenio de colaboración rexerese, no previsto polo seu clausulado, polo previsto nas Bases de Execución do Orzamento Xeral para 2013, pola Lei 38/3003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nos preceptos que teñen carácter de básico; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e demais normas de dereito administrativo, e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

DÉCIMO CUARTA.- NATURALEZA XURÍDICA DO PROTOCOLO

A Xurisdicción contencioso-administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas que poideran suscitarse entre as partes no desenvolvemento do presente Protocolo.

E en proba de conformidade con canto antecede, subscríbese o presente documento

O Representante da Cámara de
Comercio de Santiago

O Director da Fundación INCYDE

Asdo.: Jesús Asorey Carril

Asdo.: Javier Collado Cortés

A Concelleira delegada
Da Área de Promoción económica

Asdo.: Reyes Leis Rodríguez